

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA BANDÍSTICA EN 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar coa **Federación Galega de Bandas de Música Populares** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue **dende a data de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2024**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento pola Agadic de actividades de promoción e difusión da música bandística promovidas pola Federación Galega de Bandas de Música Populares e que comprenden unha serie de actuacións: a organización do VII Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, que se celebrará na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, no mes de xullo, e no que participarán as seccións infantís e xuvenís de bandas de música de Galicia, divididas en tres categorías determinadas polo número de compoñentes co que participen; a XVII edición do Concurso Galego de Composición, certame organizado en función de diferentes categorías segundo o cadro de instrumentistas e o grao de dificultade, destinado a enriquecer o patrimonio musical galego, que concita unha alta participación de compositores e que garante aos gañadores e finalistas a interpretación das súas composicións no Certame de Bandas de Música do ano seguinte, así como a edición das obras; a organización do XVII Certame Galego de Bandas, que se desenvolverá dende marzo a outubro no que poden participar as bandas galegas segundo as bases establecidas pola Federación, e que celebrará as xornadas de clausura no mes de outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra, onde se darán a coñecer as bandas gañadoras nas diferentes seccións (primeira, segunda, terceira, xuvenil e infantil, segundo o número de integrantes e idades para as seccións infantil e xuvenil). E dúas iniciativas que se suman ás anteriores: CreaSons, concurso destinado a proxectos musicais innovadores no que se valora o grao de creatividade, a innovación, a hibridación de formatos, métodos e outras disciplinas artísticas así como a accesibilidade e a integración; e os encontros da Banda Sinfónica Galega e da Banda Sinfónica Xuvenil Galega, encontros de carácter formativo, ambos, programados para os meses de xullo e agosto e centrados na formación nas distintas especialidades instrumentais.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Un dos eixos fundamentais sobre os que se vertebra a actividade da Agadic é a música, ámbito no que o organismo considera esencial o investimento tanto económico coma organizativo, e non só dende o punto de vista profesional senón tamén na promoción cultural do eido afeccionado. E dentro da música é a bandística a que goza dunha profunda raigame na nosa comunidade, con máis de cen anos xa de existencia das bandas de música, cunha identidade musical propia, creadoras dun repertorio orixinal que cómpre dar a coñecer e preservar á vez que seguir enriquecéndoo con novos compositores e músicos.

A Federación Galega de Bandas de Música Populares é a entidade máis representativa do ámbito bandístico a nivel galego ao ter un elevado número de formacións (máis de 94) e instrumentistas federados (máis de 6.321) e 7.114 alumnos das catro provincias galegas, e nese labor continuo que realiza a prol da difusión e promoción da música de banda destacan de maneira relevante iniciativas como o Concurso Galego de Composición, o Certame Galego de Bandas de Música, o Festival de Bandas Infantís e Xuvenís e os concertos que as bandas de música ofrecen polas catro provincias galegas, que contribúen á divulgación e promoción de Galicia como destino cultural facendo chegar a toda a poboación a música bandística.

A actividade continua da Federación ao longo dos anos resulta decisiva para a expansión da cultura musical bandística en Galicia, cun exitoso labor que ten o seu reflexo na calidade das programacións e nunha gran afluencia de público ás actividades desenvolvidas. O carácter específico das actuacións propostas, o alto grao de representatividade da Federación, o seu carácter como única entidade aglutinadora do sector bandístico galego no seu conxunto, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización do convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

